



ORDENANZA 3.28

**TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS ASOCIADOS Á CELEBRACIÓN DE
MATRIMONIOS CIVÍS NO PAZO DE RAXOI**

Artigo 1º. Fundamento e natureza

De conformidade co previsto no artigo 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases de réximen local e, de conformidade cos artigos 15, 20.4 e 57, todos eles do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a “Taxa pola prestación de servizos municipais asociados a celebración de matrimonios civís no Pazo de Raxoi”, que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 2º. Feito imponible

Constitúe feito imponible a prestación dos servizos derivada do conxunto de actuacións realizadas co gallo da celebración de matrimonios civís no Pazo de Raxoi, que conleva, a organización do acto polos servizos Municipais de Relacións Públicas do Concello.

Non se entenderá realizado o feito imponible da taxa e polo tanto non se devengará o tributo pola tramitación do expediente gubernativo previo ó matrimonio civil nin tampouco pola expedición do libro de familia.

Artigo 3º. Suxeito pasivo

E suxeito pasivo do tributo en calidade de contribuínte o/a beneficiario/a do servizo entendéndose por tal o/a contraente que formule a solicitude do servizo.

Artigo 4º. Devengo

O tributo devengarase e nace a obriga de contribuir, no momento da presentación da solicitude nas oficinas do Concello. A presentación da solicitude iniciará a actuación administrativa e ésta non se realizará sen que sexa efectuado o pago correspondente.

Artigo 5º. Obrigados ó pago

Están obrigados ó pago da taxa nesta Ordenanza os beneficiarios/as do servicio, entendéndose por tales os/as contraentes.

Artigo 6º. Contía

A cota tributaria, que se abonará no momento da solicitude, será polo importe de **105,30 €**

Artigo 7º. Normas de xestión

Os solicitantes do servicio están obrigados a presentar a correspondente declaración nos impresos habilitados ó efecto pola Administración Tributaria Local e a realizar o ingreso da autoliquidación resultante na Caixa de Recadación ou nas Entidades bancarias debidamente autorizadas, o que se deberá acreditar no momento de presentar a correspondente solicitude.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de dous mil sete. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.